

DECRETO DE CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPEDIENTE NÚMERO 2025/G007/000003.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, primeiro tenente de alcaldesa en funcións de alcalde do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **EXTRAORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar no salón de sesións, sito na praza Maior, número 1, o vindeiro **martes**, día **11 de marzo**, ás **19:00 HORAS**, de acordo coa seguinte orde do día:

1/38 TOMA DE POSESIÓN DE DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO COMO CONCELLEIRO DESTA EXCMA. CORPORACIÓN MUNICIPAL (Exp. 2025/G004/000135).

2/39 ELECCIÓN DE ALCALDE/SA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Xustifícase o carácter extraordinario da sesión no disposto no artigo 40.5 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro.

Notifíquelles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

Asinado polo primeiro tenente de alcaldesa, en funcións de alcalde presidente, don Rubén Arroxo Fernández